



PROCEDEMENTO DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA


(Aprobado en Xunta de Facultade, o 26 de outubro de 2018)

Centro:	Facultade de Socioloxía
Titulación:	Grao en Socioloxía
<p>RESUMO</p> <p>Nos últimos tres anos aumentou o número de estudantes do Grao en Socioloxía ao mesmo tempo que variou a composición do persoal docente e investigador a través da incorporación de novo profesorado ao noso centro. Esta nova conxuntura afecta tanto aos labores de xestión da facultade, como ao desenvolvemento do plan de estudos e a titorización do alumnado, identificándose a necesidade dun traballo conxunto entre o Plan de Acción Titorial e a Coordinación do Grao nun sistema de xestión integrado. Con este procedemento perséguese a consolidación dunha nova cultura titorial que evite o solapamento das accións docentes e de titorización realizadas dende o centro, á vez que se garanta unha maior implicación e participación activa de todos os actores que forman parte da comunidade universitaria: equipo de dirección, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, alumnado e servizos centrais.</p> <p>Esta iniciativa confía nun ensino centrado na aprendizaxe participativa e a adquisición de competencias propias e transversais asumindo a docencia, a xestión e a titorización como unha responsabilidade compartida.</p> <p>Para conseguir estes obxectivos requírese dun deseño adecuado a estrutura na que se integren de forma activa: a dirección do centro, o grupo de traballo de coordinación titorial, a coordinación do PAT, a coordinación do grao, o profesorado titor, o alumnado mentor, e representantes de estudantes.</p> <p>O plan inclúe, entre as súas actividades, as titorías colectivas, os talleres formativos e informativos, a xornada de acollida e a posta en marcha de novas canles de comunicación e intercambio de información entre todos os actores implicados.</p> <p>A eficacia deste sistema de xestión medirase a través ferramentas de análises cuantitativas e cualitativas. O bo funcionamento do centro e o éxito da traxectoria académica do noso alumnado son realidades dependentes que requiren da estratexia de compromiso compartido da que parte este proxecto.</p> <p>ANÁLISE E VALORACIÓN DO PAT DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA</p> <p>No punto 2.1. "Plans de mellora de obrigado cumprimento" do Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación, a ACSUG propón a realización dun "Esforzo na titorización do alumnado de 1º curso de grao". Esta medida derivada do punto débil detectado na taxa de abandono di que "O título conta xa cun PAT, no cal se debe realizar un maior esforzo na titorización dos alumnos/as de 1º para evitar o abandono" Desde o centro realizáronse unha serie de reaxustes e introducíronse novas figuras para complementar a titorización, entre as que destaca polo seu éxito a figura de "coordinadores de curso". Aínda así, á luz dos indicadores do ano académico 2016-17, o grao de satisfacción do alumnado de primeiro curso coas accións de orientación mantense por baixo das expectativas (3.76/7) aínda que presente</p>	



un lixeiro incremento con respecto ao curso anterior (3.46). O gráfico 1 recolle a evolución desta valoración que como se observa sofre lixeiros descenso seguidos de leves recuperacións e oscila entre o seu mínimo en 3,19 no curso 2014-15 e o seu máximo no curso actual. O que convida a reformular as accións dirixidas ao estudiantado ao comezo da carreira.

Gráfica 1. Evolución do grao de satisfacción de orientación dos estudantes de 1º curso



Na satisfacción expresada polo alumnado de 3º a situación é diferente pasando de 2.71 no curso 2015-16 a 3.93 no ano académico 2016-17. Esta melloría na valoración coincide coa incorporación do Plan de Coordinación Horizontal, que conta coas figuras de “Coordinador de Curso” e “Delegados de Curso”, vinculadas ao PAT, implantadas no curso 2014/2015. O impacto positivo destas figuras asóciase á interiorización do alumnado das novas canles de comunicación co centro útiles na resolución de conflitos, a obtención de información e a atención en aspectos relacionados coa docencia. Neste tempo as titorías colectivas adaptáronse ás demandas do alumnado recollidas nas reunións de coordinación, coa intención de dar resposta a posibles dúbidas. No entanto, e tendo en conta do éxito da implantación destas novas figuras e das reunións, desde a Coordinación do PAT, perséguese continuar mellorando os indicadores mantendo o novo sistema de coordinación horizontal e tratando de adaptalo as novas demandas.

Outra das cuestións, sobre as que se debe prestar atención nesta revisión do PAT, é a Taxa de Abandono, á que se fai referencia no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación No punto 2.1. “Plans de mellora de obrigado cumprimento”, realizado pola ACSUG, dentro do criterio 7 “Indicadores de satisfacción e cumprimento”, que obriga a que o PAT preste atención á orientación do alumnado nos últimos anos de carreira. En atención a esta medida incorporáronse xornadas de orientación, organizadas desde a coordinación do grao e do Prácticum, así como titorías colectivas co alumnado de 4º curso focalizadas nas temáticas de interese específico neste curso. A evolución dos datos demostra o descenso da taxa de abandono, no último curso académico 2016/17 representa o 9.85% (7 abandonos no total de 71 estudantes) A pesar deste éxito, e coa intención de manter esta taxa ou mesmo reducila, resulta necesario prestar atención desde o PAT ás necesidades do alumnado nestes últimos cursos da carreira, e coñecer cales son os inconvenientes que dificultan a continuación dos estudos. Estas medidas espérase que repercutan na taxa de gradación, que no curso 2016/17 atópase por baixo do 35% (33.7%) , aínda que é certo que se detecta unha melloría considerable con respecto a anos anteriores, como constata a subida de catro puntos porcentuais desde o curso 2012/2013, é preciso detectar as causas de que nos conducen a estes resultados e promover actividades para investilos.

Ademais da resposta do alumnado en canto á orientación, como principal motivación para a reformulación do PAT e a mellora nas taxas de abandono e de gradación. Debemos ter en



conta a nova situación en canto ao importante aumento do volume de matrículas nos últimos cursos. Durante o actual ano académico 2017-18, contamos con 346 matriculados. Un incremento do 145% desde a posta en marcha do PAT (2010-11) e 26.28% desde a elaboración e aprobación do “Plan Xeral do PAT da Facultade” do curso 2014-15. O PAT, debe adaptarse á nova realidade para poder seguir respondendo as necesidades e demandas do estudiantado de Socioloxía, ante este novo panorama.

Á marxe dos resultados numéricos, as seguintes observacións convidánnos a cuestionarnos o funcionamento do Plan de Acción Titorial, tal e como se estaba a aplicar na Facultade de Socioloxía:

- Plan de Acción Titorial vixente durante este curso, conta cunha serie de ferramentas ou figuras que se recollen a continuación.
 1. Coordinador do PAT
 2. Titorización de Profesores
 3. Titorización de alumnos
 4. Coordinadores de Curso
 5. Titorías colectivas
 6. Xornada de Acollida
 7. Representantes de alumnos/as
 8. Xornadas informativas a alumnado potencial
 9. Titorías académicas
 10. Materiais e ferramentas protocolarizadas
- Escasa resposta do alumnado ás convocatorias realizadas polo seu titor PAT. Polo que os obxectivos 1, 2 e 3 non se están cumprindo. Detectouse que o alumnado/a non acode á figura do profesor-titor para o asesoramento, orientación ou resolución de posibles conflitos. Senón que esta figura é substituída pola do Coordinador de Curso, os representantes de curso, os representantes de estudantes ou o que vimos en denominar “titores informais”, é dicir aqueles profesores cos que se atopan máis cómodos.
- A titorización de alumnos/as ou a figura do alumno “mentor”, púxose en marcha como proba piloto no curso 2015-16, mantívose no 16-17 sen éxito, pero non se volveu a activar.
- O papel dos coordinadores de curso, que funciona con éxito, se solapa en múltiples ocasións cos labores que debería realizar o Titor-Profesor.
- As titorías colectivas, foron a ferramenta fundamental para a recollida de información sobre a situación do alumnado de Socioloxía. Malia o nivel de participación do estudiantado é baixo, e diminúe a medida que avanzan os cursos académicos.
- A orientación recibida en relación ao grao durante a Xornada de Acollida é considerada insuficiente polo alumnado.
- Xornadas informativas ao alumnado potencial. A participación en programas como, Visita ou teu Campus! Promovidos polo SAPE, non permiten informar de maneira aceptable sobre o grao.
- Titorías académicas. Reitérase o enunciado sobre a relación entre titor-alumno.
- Materiais e ferramentas protocolarizadas. Son de gran axuda para a aplicación do



PAT, pero a escasa resposta do alumnado convídanos a reflexionar sobre elas. Entre os materiais contamos cun cuestionario de acollida, no que se deberían incorporar novos indicadores, o mesmo coas enquisas de Satisfacción. Doutra banda o “cartafol de estudante” non é unha guía utilizada polo alumnado/a.

Tras esta revisión das necesidades e da nova situación do centro, expónse para o éxito de aplicación do Plan de Acción Titorial, vinculalo co Sistema de Coordinación Horizontal, dependente coa Coordinación do Grao e conferindo maior importancia a figura do Coordinador de Curso. O Coordinador de Curso será a persoa de referencia no PAT, á que deberá acudir o alumnado que precise do servizo de titorización, quen recibirá as consultas e derivaráas segundo sexa o caso ao profesor-titor, ao alumnado-mentor, ou ao servizo do centro que resulte máis apropiado.

PROCEDIMENTO DO PAT CURSO 2018-19

O procedemento que aquí se recolle foi resultado da proposta presentada e aprobada en Comisión de Calidade e Xunta de Facultade o 24 de abril de 2018. E dende a Coordinación do PAT co apoio da dirección do centro se traballará na posta en marcha dun procedemento para aplicala no próximo curso 2018-19.

Na memoria de verificación do grao (2014:8) e na súa revisión (2016:11), contéplase a necesaria modificación da normativa do Plan de Acción Titorial, que permita adaptar o Plan ás novas demandas detectadas.

É por este motivo, polo que se propón a súa revisión, mantendo os axentes que forman parte del e os obxectivos para os que foi creado e que se recollen nas memorias do grao e reformulando a súa organización de face a facilitar o seu funcionamento adaptado ao volume de actual de estudantes.

OBXECTIVOS DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O PAT persegue os mesmos obxectivos que impulsaron o seu xerminación, pero respondendo a novas necesidades, polo que debe:

- **Fomentar a colaboración entre a Coordinación Horizontal (dependente da Coordinación do Grao) e o PAT.**
- Desenvolver unha serie de actividades que sustenten a relación entre a coordinación de curso, os profesores/as-titores/as, alumnos/as-mentores e alumnos/as-titorizados/as, conformando unha “cultura titorial” sustentable no tempo.
- Promover que a institucionalización da figura do coordinador de curso, profesor/a-titor/a e alumno/a-mentores, repercuta nun maior dinamismo na vida da Facultade. En concreto, preténdese que se reflicta nunha elevada participación da comunidade académica en todos os ámbitos de funcionamento do centro.
- Promover que a comunicación entre os coordinadores de curso, titores, mentores e tutorandos constitúa unha vía: (1) de promoción e orientación profesional para o alumnado, e (2) de actualización sobre demandas e necesidades dos estudantes universitarios para o profesorado e o centro.

Participación e asignación de titores:

- Todos os profesores e contratados/as pre e posdoutorais que impartan docencia no Grao de Socioloxía poderán ser titores no Plan de Acción Titorial do centro. Desde a coordinación do PAT consultarase a todo o persoal docente, sobre a súa vontade de participar no programa.



- Unha vez pechado a listaxe, porase a disposición pública para a súa consulta. Os coordinadores de curso poderán derivar aos alumnos que soliciten titorización individual, en función do tipo de demanda.

Os alumnos/as-mentores:


- Poderán ser alumnos/as-mentores todos aqueles/as estudantes de terceiro e cuarto curso de grao en Socioloxía. Desde a Coordinación do PAT consultarase aos alumnos/as matriculados/as nestes cursos sobre a súa vontade de participar no programa.
- Os alumnos-mentores, constituirán unha comisión de estudantes.
- A coordinación do PAT, fará pública a listaxe de alumnos/as-mentores. Deberán informar á Coordinación do PAT, da realización e seguimento das súas actividades e das demandas recibidas polo alumnado.
- A coordinación do PAT manterá un arquivo e rexistro actualizado das accións de titorización e posibles incidencias (notificadas polas partes ou recollidas nos informes dos coordinadores de curso) Así mesmo, o coordinador recibirá todas as suxestións e dúbidas que se xeren deste programa, tanto por parte dos profesores como dos alumnos, que serán transmitidas mediante un informe ao Grupo de Traballo de Coordinación Titorial (GTCT), para a avaliación do Plan, e a incorporación de melloras.
- A Coordinación do PAT arquivará como indicador positivo a actividade xerada polo programa, e analizarase para a memoria final anual.
- A correspondencia por correo electrónico entre todos os axentes implicados na titorización: coordinadores de curso, profesores-titores, alumnos-mentores e alumnos-titorizados considerárase actividade complementaria entre ambas as partes, da que deberá informar, mediante unha ficha de seguimento.
- Segundo recóllese no documento base sobre o PAT da UDC, a dirección do centro certificará aos coordinadores de curso e profesores-titores a súa participación no plan para que a Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías o faga constar nas solicitudes de complementos autonómicos, quinquenios, etc.
- Os/as alumnos/as mentores, tamén serán beneficiarios dunha certificación por parte de centro.
- A Coordinación do PAT levaraa un/ha profesor/a, proposto pola dirección e aprobado en Xunta de Facultade. O cargo renovarase a proposta do Decano/a. A persoa encargada da coordinación do PAT formará parte da Comisión de Calidade do centro.
- O Grupo de Traballo de Coordinación Titorial (GTCT), poderá valorar a posibilidade de modificación da normativa do PAT, tras a súa avaliación anual. Nese caso deberase elaborar unha proposta que deberá ser aprobada en Comisión de Calidade e en Xunta de Facultade.
- O Grupo de Traballo de Coordinación Titorial, poderá modificar anualmente o cronograma do PAT e as actividades, debendo informar a Comisión de Calidade e a dirección do centro.

Enténdese que cada posgrao oficial adscrito ao centro require de axustes propios para cada caso. Desde o PAT da Facultade de Socioloxía, asúmese que todo posgrao oficial desenvolvido no centro súmase a esta iniciativa, nos seus propios termos. Por tanto, os responsables da coordinación dos cursos de posgraos deberán facer chegar ao Coordinador xeral do PAT do centro, a principio de curso, as medidas acordadas respecto diso. Se o



estiman conveniente, os posgraos oficiais poderán asumir e aplicar a mesma proposta que se desenvolve a continuación para o grao de Socioloxía, pero responsabilizándose de elaborar os seus propios materiais e de xestionar a súa axenda.

ORGANIGRAMA DO PAT



ESTRUTURA ORGANIZATIVA

A **dirección do centro** apoiará o desenvolvemento do Plan, proporcionando as infraestruturas e recursos necesarios.

A Coordinación do PAT (dependente do Vicedecanato de Calidade) e a Coordinación do Grao, traballarán de maneira conxunta no deseño do PAT e as actividades derivadas deste.

O **GRUPO DE TRABAJO DE COORDINACIÓN TUTORIAL (GTCT)**. A creación deste grupo de traballo persegue: a xeración e mantemento dunha "cultura tutorial" ; evitar o solapamento das accións realizadas desde a coordinación horizontal do centro e a coordinación do PAT e unha maior implicación do profesorado na eficacia do PAT.

Serán membros natos quen ocupe a Coordinación do Grao e do PAT, ademais dos coordinadores de curso e dos representantes elixidos polos alumnos/as mentores. As súas funcións serán as seguintes:

- Revisión dos resultados do PAT, presentados pola Coordinación do mesmo.
- Proposta de modificación ou renovación do Plan de Acción Tutorial, se se considera oportuno, previa aprobación na Comisión de Calidade e ratificación en Xunta de Facultade.
- Estudo e elaboración dos contidos das actividades, coa intención de:
- non solapar as actividades promovidas pola Coordinación TFGs, Prácticum e prácticas extracurriculares, tratando de incorporalas ao cronograma do PAT.



- Incorporar as propostas de interese para o alumnado
- Establecer sistemas de avaliación das diferentes figuras que forman parte do PAT, así como do procedemento, que deberán ser aplicadas polo Coordinador do PAT.
- O Grupo de Traballo poderá convidar de forma consultiva a outros actores implicados na vida do centro.
- O Grupo de Traballo, reunirse anualmente, unha vez finalizado o curso académico coa intención de observar a evolución do procedemento (fortalezas e debilidades) e preparar o Plan de Acción (cronograma de actividades e titorías) de cara ao curso seguinte ou reformular o presente procedemento de considerarse necesario.

A COORDINACIÓN DO PAT.

Será responsabilidade dun profesor do centro, proposto pola dirección e aprobado en Xunta de Facultade. O cargo renovarase a proposta do/a decano/a.

A dirección do centro determina que o/o Coordinador do PAT, asuma as seguintes funcións:

- Actualizar e deseñar o documento do Plan de Acción Titorial do centro, tendo en conta a análise da súa evolución en cursos previos (contando coas achegas do GTCT)
- Presentar o PAT á Comunidade universitaria da Facultade. Difundir o PAT entre o profesorado e alumnado do centro, a través de diferentes canles.
- Abrir unha convocatoria dirixida aos profesores do centro que desexen ser profesores-titores
- Abrir unha convocatoria dirixida aos alumnos de terceiro e cuarto curso que desexen ser alumnos mentores.
- Responsabilizarse do seguimento e avaliación do PAT.
- Acoller ao alumnado de novo ingreso, informando sobre o PAT e o seu funcionamento.
- Dinamizar e apoiar as actividades derivadas do PAT.
- Impulsar o recoñecemento da acción titorial, e o labor do profesorado coordinador, titor e do alumnado-mentor.
- Realizar e colaborar nos procesos de avaliación do PAT de acordo coa proposta do CUFIE.
- Proporcionar as enquisas en relación co PAT, deseñadas polo CUFIE, aos Coordinadores de curso.
- Xestionar encontros cos profesores implicados no PAT: coordinadores de curso, profesores-titores
- Xestionar encontros cos alumnos implicados no PAT: alumnos-titores

Os/as COORDINADORES/AS DE CURSO ou Profesores/as Coordinadores/as. O nomeamento dos coordinadores de curso corresponde ao Decanato, e serán anunciados e aprobados en Xunta de Facultade. O cargo renovarase a proposta do/a decano/a.

Terán un papel relevante na implementación do PAT. Á marxe dos labores definidos desde a Coordinación do Grao, as súas funcións dentro do Plan de Acción Titorial serán:

- **Atención ao estudantado, recepción das demandas, que serán derivadas á figura do PAT ou servizo do centro que se considere oportuno.**



- Levar a cabo as titorías colectivas, establecidas desde o Grupo de Traballo de Coordinación Titorial.
- Xestionar as reunións cos axentes implicados na titorización no curso que lle corresponda: profesores-titores, alumnos-mentores e delegados de curso.
- Recepcionar as enquisas proporcionadas pola Coordinación do PAT e difundilas entre o alumnado do curso do que é coordinador.
- Realizar un informe sobre o funcionamento e seguimento do PAT correspondente ao curso do que sexa coordinador.

Os/as **PROFESORES/AS-TITORES/AS**. O profesorado con docencia na Facultade de Socioloxía, poderá ser titor/a. Trátase dunha actividade de carácter optativo pero que conta con prestacións para os docentes: mérito recoñecido no programa Docentia, prioridade na asistencia a cursos organizados polo CUFIE, certificados, etc.

O seu papel consiste en guiar e informar ao estudante en aspectos máis individuais relativos á traxectoria académica, profesional e persoal, xa que os xerais ou comúns a todo o estudantado, serán abordados desde a coordinación do curso, e recóllense nas directrices xerais do PAT proporcionadas polo CUFIE. Serán funcións do profesor-titor:

- Acoller na UDC dun modo máis persoal a cada estudante.
- Orientar académica e profesionalmente a cada estudante.
- Acompañar-guiar ao alumnado no proceso de aprendizaxe.
- Mediar nas relacións problemáticas que eventualmente xurdan entre estudantes e profesores.
- Axudar no ámbito persoal, sempre que sexa necesario, e o problema pódase abordar ou remitilo a outros servizos se fose necesario.

Procedemento de asignación de titores: Os/as alumnos/as que precisen de titorías personalizadas poderán dirixir a súa solicitude de servizo de titorización ao coordinador do curso no que estean matriculados con maior número de créditos, e este será quen asigne da lista de titores dispoñibles, o que mellor encaixe co tipo de demanda e o perfil do estudante.

TITORES ESPECÍFICOS.

- Os/as estudantes contarán cun **titor/a de mobilidade**, destinado ao asesoramento do alumnado de intercambio.
- No caso de alumnado de Atención a Diversidade, coa intención de normalizar a súa situación, e non ser identificados polo resto do alumnado/a non haberá un titor específico de ADI. Serán guiados polos titores, que disporán do apoio e asesoramento necesario por parte da coordinación do PAT e do servizo de ADI da Universidade. Desta forma se implica a todo o profesorado participante no PAT, nas demandas do alumnado do tipo que sexan.
- No caso de contar con “deportistas de elite”, se procederá de igual forma que no caso anterior, facilitando por parte da Coordinación do PAT e do CUFIE a información ao respecto.

ALUMNOS/AS-MENTORES/AS.

O procedemento de actuación será similar ao da coordinación de curso, aínda que con protocolos máis simplificados. Os estudantes poden acudir directamente a esta figura sen intermediación do coordinador de curso.



- Actuarán como alumnos/as-tutores/as os estudantes de terceiro e cuarto curso que así o desexen.
- Constituirán unha Comisión de Estudantes, na que elixiran dous representantes que formaran parte do GTCT
- Recibirán información respecto diso por parte da Coordinación do PAT
- Servirán de referente ao alumnado
- Orientarán en aspectos da vida académica
- Poderán ser proactivos, xestionando de forma autónoma as reunións
- Participarán activamente nas Xornadas de Acollida (Semana 1)
- Participarán en actividades de promoción do grao propostas desde o decanato

Desde a coordinación do PAT, establecerase un sistema de avaliación desta figura e do seu funcionamento.

Esta actividade ofrece prestacións para o alumnado, recollidas polo CUFIE: créditos de libre elección, prioridade de asistencia a cursos, certificado de participación, etc.

A coordinación do PAT fará pública a lista de alumnos/as- mentores/as e comunicaralla ao CUFIE.

Asignación de alumnos-mentores: Non se realizará unha repartición desde a coordinación do curso, senón que se fará pública a lista de membros da Comisión de estudantes, indicando o curso no que se atopan. Proporcionarase un correo electrónico de contacto para que o estudante poida acudir a quen considere en función do tipo de consulta.

Á marxe desta función vinculada ao PAT, os/as **DELEGADOS/AS DE GRUPO** en cada curso seguirán desempeñando o seu labor de interlocución entre os seus compañeiros e a coordinación de curso.

Os/as delegados/as de grupo (por cada curso) desempeñarán as seguintes funcións:

- Serán os interlocutores entre os seus compañeiros e a coordinación de curso ou a comisión de estudantes.
- Participarán activamente nas titorías colectivas e nas reunións de coordinación.
- Poderán exercer de alumnos-mentores (no caso dos delegados de terceiro e cuarto curso) cos compañeiros de cursos inferiores.
- Dinamizarán e difundirán as actividades organizadas desde a coordinación docente (xornadas, titorías colectivas)
- Dinamizarán e difundirán as actividades do centro, co apoio dos **"correspondentes universitarios"**

O número de delegados por curso corresponderase co número de grupos existentes.

O sistema de elección será o promovido polos propios/as alumnos/as e calquera alumno/a matriculado pode presentarse como candidato/a. Os nomes dos delegados elixidos serán comunicados á coordinación do curso, que á súa vez o transmitirá á Coordinación do Grao e do PAT.

Esta figura non debe confundirse cos representantes do alumnado nos órganos de goberno da UDC. Ambas, son en todo caso, compatibles. A existencia desta figura desde os inicios do PAT da Facultade de Socioloxía garante que todos os grupos dos diferentes cursos do grao



teñan representación.

Á marxe das figuras ou axentes cos que conta o PAT, existen unha serie de ferramentas para a súa aplicación:

TITORÍAS COLECTIVAS.

- As titorías colectivas, serán destinadas exclusivamente a abordar temas relativos á vida no centro. Os temas a abordar e a súa periodicidade serán propostos polo GTCT e comunicado polo Coordinador do Grao e do PAT. Tamén será o espazo no que se apliquen as enquisas do SIGC e as elaboradas polo propio centro.
- Deben ser difundidas polos delegados de cada curso e os coordinadores de curso.
- Procurarase a participación do alumnado.

OBRADOIROS FORMATIVOS E INFORMATIVOS.

Á marxe das titorías colectivas levarán a cabo sesións informativas e formativas sobre temas de interese para o alumnado.

- Tratarán diferentes temas de interese para o alumnado segundo o curso.
- O contido e a súa periodicidade será definido desde o GTCT
- Incorporaranse actividades paralelas que se están desenvolvendo no centro (Xornadas de Prácticum, TFG, Curso biblioteca, Mobilidade,...)
- Deben ser difundidas polos delegados de cada curso, os coordinadores de curso, os alumnos-mentores e os profesores-titores.
- A súa realización será responsabilidade do Coordinador do PAT, e do profesor, PAS ou alumno implicado, en función da temática.

SEMANA “1” (SEMANA DE ACOLLIDA)

Trátase dunha ampliación das “Xornadas de Acollida”, na que se informará de maneira global e exhaustiva ao alumnado de primeiro, aos poucos días da súa chegada ao centro. A súa organización depende da Coordinación do Grao, que informará o programa e as datas en Xunta de Facultade.

CRONOGRAMA DO PAT

Crearase un calendario combinando as actividades do PAT con outras derivadas da Coordinación Horizontal do centro. A proposta de cronograma, así como cada un dos fitos que se deban levar a cabo, será deseñada pola Coordinación do PAT e do Grao, para a súa proposta ao Grupo de Traballo de Coordinación Titorial.

Actividade	Período	Responsables da organización
Nomeamento dos/as Coordinadores de curso	Antes de iniciar o período lectivo (pode modificarse ao longo do curso)	Decanato da Facultade de Socioloxía (aprobación en Xunta de Facultade)
Captación de profesores/as titores/as	Setembro-outubro	Coordinación do PAT
Renovación do profesorado que forma parte do PAT	Outubro	Coordinación do PAT, co visto e prace do decanato.
Semana 1 “Acollida”	Setembro (1ª semana de clase)	Coordinación do Grao e Decanato da Facultade
Sesión de Benvida cos/as	Setembro	Titira de Mobilidade



alumnos/as de intercambio entrantes		
Titorías personalizadas cos/as alumnos/as de intercambio entrantes para a modificación dos acordos de estudos e outras dúbidas	Setembro/outubro	Titora de Mobilidade
Captación de alumnos/as-titores	Outubro	Coordinación do PAT, Coordinadores/as de 3º e 4º curso
Lanzamento do novo PAT (sesión informativa para coordinadores/as e titores)	Outubro/novembro	Coordinación do PAT, do Grao
Lanzamento do novo PAT (sesión informativa para estudantes)	Outubro/novembro	Coordinación do PAT, do Grao e Coordinadores de Curso
Reunión cos alumnos/as mentores	Novembro	Coordinadora do PAT
Presentación dos alumnos/as mentores	Novembro	Coordinación PAT
Presentación do Programa de Intercambio para alumnos/as Saíntes	Decembro/xaneiro	Titora de Mobilidade
Titorías colectivas 1º e 2º curso (dúas por cuadrimestre)	Novembro-dicembro Abril-maio	Coordinadoras de 1º e 2º curso
Titorías colectivas 3º curso (1 por cuadrimestre)	Novembro/dicembro e abril/maio	Coordinador de 3º curso
Titorías colectivas 4º curso (1 por cuadrimestre)	Novembro/dicembro e Abril/maio	Coordinadora de 4º curso
Titoría colectiva cos alumnos solicitantes de intercambio (saíntes)	Marzo-abril	Titora de Mobilidade
Titorías personalizadas cos/as alumnos/as de intercambio saíntes para a elaboración dos acordos de estudos e outras dúbidas	Abril-xuño	Titora de Mobilidade
Avaliación da Semana de Acolida (Titoría colectiva de 1º)	Novembro-dicembro	Coordinadora de 1º curso
Cuestionario de calidade (1º e 3º curso)	Abril- maio	Coordinadora do PAT e dos cursos correspondentes
Avaliación cualitativa do PAT e do Centro (en todos os cursos, durante as titorías colectivas)	Novembro/dicembro Abril/maio	Coordinadores de Curso
Sesión informativa sobre o TFG e Prácticas (alumnos/as 4º curso)	Xaneiro/febreiro	Coordinadora do TFG Coordinadores/as prácticas
Sesión informativa sobre a optatividade, TFG e Prácticum (alumnos/as 3º)	Maio	Coordinadora do Grao Coordinadora Curso Profesores das Materias



curso)		Optativas Coordinación do TFG Coordinación do Prácticum
Sesión Informativa sobre saídas profesionais e Mestrados (alumnos/as 4º curso)	Maio	Decanato Coordinación do Grao Coordinación dos mestrados
Titorías individualizadas	Durante todo o curso	Profesores/as titores/as
Titorías de mobilidade (alumnos/as entrantes e saíntes)	Durante todo o curso	Titora de Mobilidade
Reunións Alumnos/as Mentores/as	Durante todo o curso	Alumnos/as mentores/as
Actividades formativas e culturais	Durante todo o curso	Decanato, Coordinación PAT e Grao
Reunión do Grupo de Traballo de Coordinación-Titorial (Avaliación do PAT e propostas para o curso 2019/20)	Xuño-xullo	Coordinación PAT e Coordinación Grao
Elaboración da Memoria Final do PAT curso 2018-19	Xullo	Coordinación PAT

SISTEMA DE AVALIACIÓN DO PAT

A **Enquisa de Acollida**. A Coordinación do PAT, xunto coa Coordinación do grao, elaborará unha enquisa. A súa eficacia como metodoloxía de avaliación será valorada polo GTCT que pode propor a súa reformulación se o considera necesario.

Cuestionario de avaliación do PAT. No actual procedemento a súa recollida levará a cabo na última titoría colectiva do curso académico en todos os cursos. Este cuestionario tamén se revisará coa intención de completalo.

Avaliacións cualitativas. Ademais das enquisas tradicionais, as titorías colectivas servirán para avaliar cualitativamente o grao de satisfacción do/a estudantado, así como as súas demandas e necesidades

Avaliación anual do PAT. O Grupo de Traballo de Coordinación Titorial, reunirase anualmente para valorar: o sistema de avaliación do PAT, a súa eficacia e funcionamento, e propoñer de ser o caso modificacións e milloras.



RECURSOS DO PAT CURSO 2018/19

COORDINACIÓN DO PAT: Montserrat Golías Pérez

COORDINACIÓN DO GRAO: Elvira Santiago Gómez

COORDINADORES/AS DE CURSO:

- Coordinadora 1º curso: Elvira Santiago Gómez
- Coordinadora 2º curso: María del Carmen Rodríguez Rodríguez
- Coordinador 3º curso: Carlos Diz Reboredo
- Coordinadora 4º curso: Laura Román Masedo

TITORA DE MOBILIDADE: Obdulia Taboadela Álvarez

PROFESORES/AS TITORES/AS:

- Abalde Bastero, Nazaret
- Alonso Pardo, Paula
- Andrade Suárez, María José
- Calo García, Estefanía
- Clemente Díaz, Miguel
- Cortés Vázquez, José Antonio
- Diz Reboredo, Carlos
- Espiñeira González, Keina Raquel
- Fernández Suárez, Mónica Belén
- Golías Pérez, Montserrat
- Lamela Vieira, María Carmen
- López de Lera, Diego Constantino
- Martínez Buján, Raquel
- Mkrtychyan, Artak
- Novo Cortí, Isabel
- Oso Casas, Laura
- Rodríguez Rodríguez, María del Carmen
- Rodríguez Teijeiro, Ariadna
- Román Masedo, Laura
- Rumbo Arcas, María Begoña
- Santiago Gómez, Elvira
- Souto García, Andrea
- Suárez Grimalt, Laura
- Varela Candamio, Laura